

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 21 de setembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font

Invitado:

D. David Regades Fernández (non asistiu)

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,05 horas do día vinteún de setembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (P.D.), Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo (non asistiu).

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1121).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 864/11.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 4.09.2012, conformado pola concellería-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D^a. Aurea Gloria Martínez Marcuño. Expte.864/11

2(1122).- AUTORIZACIÓN DA I CARREIRA POPULAR 10 QM PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 11474/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.09.12, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a D. Javier Alvarez Salgado, a organizar o vindeiro día 23 de setembro a ,”I CARREIRA POPULAR 10 QM PRAIA DE SAMIL” que terá un percorrido íntegro pola Avenida de Samil, en horario de 10.30 a 12.30 horas”.

3(1123).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E UNIÓNS COMARCAIS DO SINDICATO DE CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL DE VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9037/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 7.08.12, conformado polo concelleiro-delegado da área, co informe xurídico do Secretario Xeral do Pleno, do 21.08.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 6.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

➤Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Unións Comarcais do Sindicato Confederación Intersindical de Vigo, con CIF: G36706297.

➤Autorizar o gasto de 50.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.

➤Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Serafín Otero Fernández, como Secretario da Unión Comarcal de Vigo do Sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG), CIF nº G36706297, e enderezo social en rúa Gregorio Espino, 47 Entrechán, 36205 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario de Organización do sindicato, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sindicais de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a Unión Comarcal de Vigo do Sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG), conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ▣ Defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras.
- ▣ Defender as reivindicacións dos traballadores e traballadoras, así como todos aqueles que por razóns de incapacidade laboral, viuvez, prexubilación e xubilación non participan na produción activa.
- ▣ Promover a construción de formas unitarias de representación dos traballadores e traballadoras, a partir de asembleas e dos organismos que os propios traballadores e traballadoras elixan democraticamente.
- ▣ Defender e afianzar a democracia no funcionamento das institucións políticas, na sociedade e no Estado.
- ▣ Independencia dos poderes económicos, dos partidos políticos, da Administración ou de calquera outro interese alleo a ós seus fins.
- ▣ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como combater a discriminación que por sexo, idade, raza, ou orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas se produza.
- ▣ Esixir dos poderes públicos leis que favorezan os intereses do traballo.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar sindicatos e a afiliarse ao da súa elección, así como o recoñecemento aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación do sindicatos é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter informativo, formativo e de asesoramento na busca de emprego, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas pola organización sindical de CIG, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer información, formación, asesoramento e orientación laboral sobre o autoemprego, a creación de novas empresas e a busca de emprego.

V.- Que a Unión Comarcal do Sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de Vigo do Sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG), o Concello de Vigo e a dita Unión Comarcal de Vigo do Sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG) convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de Vigo do Sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG), comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a ofrecer información, formación, asesoramento e orientación laboral sobre o autoemprego, a creación de novas empresas e a busca de emprego.e, concretamente, a:

1. Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

1. Información na busca de emprego e autoemprego ás persoas desempregadas do Concello de Vigo.
2. Formación e asesoramento no emprendemento e a creación de novas empresas.
3. Formación na lexilación de aplicación ao ámbito laboral, ao emprendemento e ao cooperativismo.
4. Orientación e axuda baseados en itinerarios de insercións.
2. Xestionar nas súas dependencias unha oficina de información e asesoramento de acceso para toda a cidadanía.
3. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
4. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de CIG de Vigo.
- Conceder directamente á Unión Comarcal de CIG de Vigo unha subvención total por importe de 50.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
- Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
 - Dous a membros da Xunta directiva da entidade Unión Comarcal de CIG de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor

por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinifiativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio coa Unión Comarcal de CIG de Vigo, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre os traballadores/as directa ou indirectamente beneficiarios/as da subvención concedida a Unión Comarcal de CIG e o Concello de Vigo

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

4(1124).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO, PARA A ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL A MULLERES INMIGRANTES A TRAVÉS DUN SERVIZO DE TELETRADUCCIÓN. EXPTE. 5241/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Igualdade, do 31.08.12, conformado pola concelleira-delegada da área, co informe xurídico do Secretario da Admón. Municipal, do 10.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aprobar con data 23 de agosto de 2012 a sinatura da Addenda ao Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a asistencia social integral ás mulleres inmigrantes a través dun servizo de teletradución.

2º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E O CONCELLO DE VIGO PARA A ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL A MULLERES INMIGRANTES A TRAVÉS DUN SERVIZO DE TELETRADUCCIÓN.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2012

REUNIDAS

Dunha banda:

A Secretaría Xeral da Igualdade, representada por Susana López Abella, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 199/2011, do 20 de outubro, do Decreto 79/2009, do 19 de abril, que

establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, ao abeiro da disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro, e polo Decreto 82/2012, do 23 de febreiro, e no exercicio das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

Don Abel Ramón Caballero Álvarez Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo, según dispón o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convenir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Que con data 1 de febreiro de 2012 asinouse o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Vigo para a asistencia social integral á mulleres inmigrantes a través dun servizo de teletradución.

Na cláusula cuarta do citado convenio establécese que a duración máxima do convenio será ata o 31 de agosto de 2012.

A Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Vigo amosan o seu interese en manter o servizo de teletradución posto que a utilidade e o bo funcionamento vense poñendo de manifesto dende a implantación deste servizo.

Por outra banda, a Secretaría Xeral da Igualdade aínda dispón de minutos de teletradución para seguir prestando este servizo, sen que supoña aumento de gasto.

ACORDAN

Primeiro: Modificar a cláusula cuarta do convenio, ampliando o prazo do acordo ata o 31 de agosto de 2013.

Segundo: Esta addenda entrará en vigor o día da súa sinatura.

En proba de conformidade cos termos desta addenda, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

5(1125).- DAR CONTA SOBRE O CUMPRIMENTO DO TEITO DE GASTO A 31.08.2012. EXPTE. 20/142.

Dáse conta, polo Interventor Xeral o 13.09.2012, conformado pola concelleira de Facenda, do informe sobre o cumprimento do teito de gasto a 31.08.2012, que di:

“Seguimento do cumprimento da Regra de Gasto a 31/08/2012

Cálculo da Regra de Gasto e Teito de Gasto

Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no artigo 12 e 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda o gasto non discrecional en prestacións por

desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento de Comunidades Autónomas e Corporacións Locais.

Deducións a facer sobre as obrigas recoñecidas do ano 2012, como límite de gasto non financeiro para o ano 2012 para verificar si se cumpriu o teito de gasto.

1.- Obrigas do Capítulo III do estado de gastos

2.- No capítulo I, II, IV e VI do estado de gastos, deduciranse todas aquelas obrigas recoñecidas que teñan financiamento específico e finalista doutras administracións (Xunta, UE, Administración do Estado).

3.- Deduciranse as transferencias feitas con cargo ao orzamento de gastos a favor doutras administracións.

Para facer o cálculo do apartado 2.-, comprobaranse as xeracións de créditos no estado de gastos e as obrigas executadas con cargo as mesmas, serán estas as que se teñan en conta aos efectos de dedución.

O cálculo será o seguinte:

Σ oblig. capítulos I a VII-III-gastos financiados con fondos finalistas doutras administracións-transf. feitas a outras admns

Orzamento ano 2011 ONF en cifras consolidadas.

Taboa 1

Capítulos I a VII	Ajustes ou Deducciones	
Total Orzamento aprobado ONF 213.592.891,10		
	Financiamento finalista Estado	2.105.343,00
	Financiamento finalista CA	2.629.847,02
	Gastos financeiros	1.072.778,41
	Convenio COTOP, infraestruturas	2.160.000,00
	Total Deducións	7.967.968,43
Orzamento axustado		205.624.922,70

Orzamento ano 2012 ONF en cifras consolidadas.

Taboa 2

Capítulos I a VII	Axustes ou Deducións	
Total Orzamento aprobado ONF 207.349.801,67		
	Financiamento finalista Estado	2.138.455,00
	Financiamento finalista C.A	2.580.062,96
	Gastos financeiros	1.855.955,77
	Convenio Inf. Conv. Zona Franca de Vigo	571.918,64
	Total Deducións	7.146.392,37
Orzamento axustado		200.203.409,30

Para calcular as obrigas máximas para o ano 2012, estarase ao seguinte:

Orzamento axustado 2011 x 1,0323* (variación máxima do gasto para o ano 2012).

Obrigas máximas axustadas para o ano 2012: 205.624.922,70 (taboa 1, P. ano 2011) x 1,0323 =212.266.607,7 euros.

Σ oblig. capítulos I a VII-III-gastos financiados con fondos finalistas doutras administracións-transf. feitas a outras admns \leq a 212.266.607,7 euros

Coa finalidade de levar un control mensual sobre o cumprimento do teito de gasto, informase a XGL sobre as obrigas recoñecidas non financeiras nos estados consolidados a data 31/08/2012 e as previsións ata finais de ano

Capítulos I a VII		Axustes ou Deducións			
Obrigas recoñecidas	Contía	Axente financiador	Concepto	Nº Modificación	Contía obrigas
ONF a 31/08/2012	113.966.407,20	Ad. Central	Subv. Ao transporte urbano	Presup.inicial	2.105.343,00
		Ad. Central	Plan Avanza	Presup.inicial	25.205,00
		Ad. Central	Convenio Instituto Mujer	Presup.inicial	33.000,00
		Ad. Central	Transferencia ao CZFV	Presup. inicial	,00
		Ad. Autonómica	Serv. Axuda fogar (SAD)	Presup.inicial	1.704.166,00
		Ad. Autonómica	Axuda Drogodependencia	Presup.inicial	584.215,96
		Ad. Autonómica	Subvención P. Congresos	Inc.Remanentes	,00
		Ad. Autonómica	Plan Competitividade	Inc.Remanentes	79.162,70
		Ad. Autonómica XU	Subvención.Casco Vello,F10,11	Inc. Remanentes	151.955,63
		Ad. Autonómica XU	Subvención Bouzas, F5,6	Inc. Remanentes	69.214,70
		Ad. Autonómica XU	Urbanizacións,CV 11. Bou, 6	04/12/12	,00
		Ad. Autonómica	Apoio a Cidadanía	10/12/12	154.903,62
		Ad. Central	Programa prev. Ocio altern	18/12/12	53.481,82
		Ad. Autonómica	Imos traballar II	6, 6A/12	26.435,48
		UE	Interreg IVC	19/12/12	7.789,08
		Ad. Autonómica	Programas de emprego	4/12	76.611,41
		Ad. Autonómica	Axentes TIC	1/12	12.830,95
		UE	Proxecto Enfo	5/12	26.580,30
		Ad. Central	Eurotaxis	7/12	,00
		Ad. Autonómica	P.Competitividade turística	25/12	,00
		Ad. Centralo	P.Competitividade turística	29/12	,00
		Ad. Central	Aerogeneradores	8/12	3.034,13
		Ad. Autonómica	Axudas a mercados	20/12	7.459,54
		Ad. Central	Auditorías enerxéticas	28/12	19.280,61
		Ad. Autonómica	Promoción da L. galega	32/12	,00
		Gastos financeiros			570.399,22
Total Obrigas NF	113.966.407,20	Total deducións			5.711.069,15
Teito de gasto executado					108.255.338,10
Diferencia					104.011.269,70

Gasto aproximado pendiente de ejecución, calculado tendo en conta as % medias dos últimos anos, facendo redondeo:

Capítulo I,	25,0 millóns
Capítulo II,	50,0 millóns
Capítulo IV,	9,0 millóns
Capítulos VI,	18,0 millóns
Capítulo VII,	6,7 millóns
Total	108,0 millóns

Axustes previstos adicionais a baixa: 5 millóns (Pazo de congresos, anualidade obras alameda CZFV, convenios de emprego, Xerencia de urbanismo axudas a rehabilitación e execución das obras de infraestruturas convenio IGVS e Ministerio vivenda)

Gasto Non Financeiro axustado previsto ata finais de ano 103 millóns

Gasto total previsto axustado 207.011.269,7

Nos primeiros 15 días de cada mes, darase conta da evolución do gasto non financeiro aos efectos do cumprimento da LOEPSF.

*Datos obtidos do programa de estabilidade orzamentaria 2011-2014

Anos	PIB real %	PIB previsto %	Media %
2006	4		
2007	3,6		
2008	0,9		
2009	-3,7		
2010	-0,1		
2011		1,3	
2012		2,3	
2013		2,4	
2014		2,6	
	4,7	8,6	
Media de variación deflactada			1,48
Taxa anual de inflación			1,75
Variación dos empregos non financeiros			3,23

Variabes a cumprir para o ano 2013

OBXECTIVO	ANOS		
	2013	2014	2015
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiación (Estabilidade)	0,0%	0,0%	0,0%
Deuda Pública para o Conxunto de Entidades Locales	3,8%	3,8%	3,8%
Deuda Pública avaliada de xeito individual (endebedamento)	75%	75%	75%
Tasa de referencia (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,7%	1,7%	2,0%

6(1126).- DECLARAR A NULIDADE DAS ACTUACIÓNS E APROBAR A INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SOGAMA, POLA PRESTACIÓN DE TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DOMICILIARIOS E ASIMILABLES NOS MESES DE XULLO E AGOSTO 2012. EXPTE. 3762/252.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do xefe do servizo de Limpeza, de data 3.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do asesor xurídico da área, do 5.09.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar ás facturas Nº 2012/2032 de data 31 de xullo do 2012, e Nº 2012/2038 de data 30 de agosto do 2012, presentadas no rexistro Xeral deste Concello de Vigo pola mercantil SOGAMA con datas 17 e 31 de agosto dos correntes respectivamente, correspondentes á prestación do servizo de tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos domiciliarios e asimilables, recollidos con medios municipais no Termo Municipal de Vigo e depositados na planta de transferencia de Guixar durante os meses de xullo e agosto de 2012.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da Empresa SOGAMA, por importe de 528.101,73€ (máis 42.248,14€ IVE), o que supón un total de 570.349,87€, correspondente á factura Nº 2012/2032 de 31/07/12 e por importe de 517.778,48€ (máis 41.422,28€ IVE), o que supón un total de 559.200,76€, correspondente á factura Nº 2012/2038 de 30/08/12.

Terceiro.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida mercantil para o abono da factura Nº 2012/2032 de 31/07/12 por importe de 528.101,73€ (máis 42.248,14€ IVE), o que supón un total de 570.349,87€, e da factura Nº 2012/2032 de 31/07/12 por importe de 528.101,73€ (máis 42.248,14€ IVE), o que supón un total de 570.349,87€, con cargo á aplicación orzamentaria 1620..2270016 “verquido e tratamento do lixo (SOGAMA)” do vixente orzamento municipal.

7(1127).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5741/320.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, de data 11.07.12, conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro delegado da área, e co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 28.08.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 10.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 6.000 € (seis mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890008, denominada “*Convenio*”

Asoc. Xordos" incluída no vixente orzamento municipal de 2012, a favor da entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo".

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" (CIF.- G-36624981), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (28 horas e media semanais), durante os meses de agosto a decembro de 2012 e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 6.000 € (seis mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano quifaro de vigoe a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

En Vigo, na casa do Concello de Vigo, a ----- de----- de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra parte, D. Miguel Ángel González Lloves (DNI: 36024981-N), en calidade de Presidente da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G -36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 22-24 Baixo, de Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da certificación do secretaria da asociación incorporada ao expediente 5741/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a

participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundizando na democracia representativa.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 266/92.

III.- Que a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, conforme ao establecido no artigo 6 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interés para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse o respecto a pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna as condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos. Co fin de cooperar para que este obxectivo sexa unha realidade, o Concello de Vigo leva anos colaborando con esta entidade mediante a firma de convenios, outorgamento de subvencións, así como coa cesión, polo prazo

de 25 anos, do dereito de uso do local de propiedade municipal sito na planta baixa do edificio núm. 22-24 da rúa Romil desta cidade (acordos da XGL de datas 31/01/05 e 23//10/06).

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e considerando que a ASV é a principal representante deste colectivo, considerase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación e Atención Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar , por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa aos discapacitados auditivos.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento (2012), na partida 9240.4890008 “*Convenio Asoc. Xordos*” prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 6.000 € a favor da “Asociación de Persoas Sordas de Vigo”.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto nono artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (28 horas e media semanais) durante os meses de agosto a decembro de 2012, tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concillería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

TÁBOA SALARIAL 2011 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA XORNADA COMPLETA	
GRUPO DE COTIZACIÓN	5
SALARIO BASE	655,06 €
INCENTIVO	5,48 €
PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS	220,18 €
SALARIO BRUTO	880,72 €
BASE DE COTIZACIÓN	880,72 €
CONTINXENCIAS COMÚNS	207,85 €
FOGASA, ETC.	74,86 €
CNAE	14,53 €
SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA	297,24 €
COSTE ASOCIACIÓN/MES	1.177,97 €
INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL	110,09 €
CUSTES SALARIAIS TOTAIS	5.999,93 €

VIII.- Que a entidade ASV, non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (vinte e oito horas e media semanais) durante os meses de agosto a decembro de 2012, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.

A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.

Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.

O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.

Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da "Asociación de Personas Sordas de Vigo". Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.

Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación e Atención Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.

O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de vinte e oito horas e media semanais organizándoas dende a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" conforme a planificación presentada.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

O servizo será totalmente gratuíto.

O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para o ano 2012, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de agosto a decembro de 2012, e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 6.000 €.

Facilitar a actuación de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar tanta información e documentación se lles solicite.

Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula novena do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.

Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través de presenza destacada do logotipo oficial da Concillería, subministrado polo servizo de Participación e Atención Cidadá, que se trata dunha servizo subvencionado pola Concillería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

En xeral cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14,. da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.
- Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 6.000 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 480008, denominada “Convenio Asoc. Xordos”, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial (28 horas e media semanais) dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de agosto a decembro de 2012.
- Respectar a estrutura organizativa da Asociación de Personas Sordas de Vigo.

- Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación do acción conveniada.
- Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula 9ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Persoas Sordas de Vigo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención. O art. 29 da LXS entende que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por sí mesma a actividade subvencionada.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no vixente orzamento municipal.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A tal efecto, a entidade beneficiaria entregará, no prazo máximo de un mes, dende a finalización do convenio, conta xustificativa final.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Solicitud de abono da subvención.

- Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:
 - Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
 - Datas, horario e lugar de prestación do servizo
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
 - Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - Actuacións realizadas.
 - Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
 - Memoria de prensa e comunicación.
 - Rexistro fotográfico e audiovisual.

c) Unha memoria económica, xustificativa dos custes salariais subvencionados, segundo orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, encabezada por unha relación numerada e correlativa dos gastos efectuados, con identificación do acredor (nome e CIF), obxecto do gasto, importe, data do documento e de pago, e, no seu caso, nº de factura, data de pago, IVE e importe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se faerá constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, e o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.

- os elementos que deberán incluírse nunha factura, de ser o caso, serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (RD 1496/03), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente (para o caso das contas xustificativas parciais), Modelo 190, de retencións e ingresos a conta do IRPF, que inclúe resumen anual e relación de perceptores (que acompañará a conta xustificativa final), coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e recibos de liquidación de á Seguridade Social acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE.
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non deducción do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducirlo.

h) Fotocopia do contrato de traballo

i) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5000 67 3040072985 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2012.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia ata o 31/12/12, sen prexuízo do disposto para o prazo de execución.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ----- de-----de 2012.

8(1128).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLA COBERTURA DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS, Á COMPAÑÍA ASEGURADORA MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS, NO PERÍODO DO 1.01.12 Ó 31.12.12. EXPTE. 19473/240.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da técnica de Admón. Especial, de data 4.06.12, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 7.09.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de indemnización substitutiva, a cantidade de 444.330,43 euros, pola cobertura da póliza de seguro de responsabilidade civil do Concello de Vigo e Organismos Autónomos, a Compañía Aseguradora Mapfre seguros de empresas, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e 31 de decembro de 2012, con cargo a partida presupostaria 9220.2240000.

A efectos de pago deberase ter en conta, e segundo a Lei de Mediación de Seguros Privados, que a póliza de referencia foi contratada a través da Correduría aseguradora do concello, Artai, Consultores de Seguros .

9(1129).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS, S.A., EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN DE QUEBRACABEZAS DA HISTORIA DE VIGO. EXPTE. 6661/307.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, de data 3.08.12, conformado polo concelleiro delegado (acctal) da área, co informe da Titular da Asesoría Xurídica, do 26.06.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 2.08.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Declaración de nulidade da prestación de servizos prestados pola entidade PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS, S.A.

2.- Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS, S.A., co CIF A-15027535, en relación cos gastos ocasionados pola subministración de quebracabezas da historia de Vigo, consonte coa factura nº 182, con data de rexistro 17/03/10, por un importe de 17.400,08 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260902, "REC.EXT.C. MONICREQUES, PUZZLES, BANDEIRAS" do orzamento do ano 2012."

10(1130).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RECURSO DE SUPPLICACIÓN 5775/2011, CORRESPONDENTE Á DEMANDA 780/2011, DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO (EXECUCIÓN 5/12 SONIA M^a MARTÍNEZ ALONSO). EXPTE. 23384/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da técnica de Xestión, de data 13.08.12, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

"PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á sentenza do TSXG no recurso de suplicación 5775/2011, execución de títulos xudiciais 5/2012 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 780/2011, na parte referente a salarios de tramitación, nos autos seguidos a instancia de D^a Sonia M^a Martínez Alonso, con DNI 36126223-P, no período comprendido entre o 16 de xuño de 2011 e o 19 de marzo de 2012, a razón de 101,98 €/día.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo dos traballadores e IRPF, segundo o seguinte desglose:

Principal: 24.577,18 €, seguridade social do traballador: 1.560,65 € e IRPF: 3.686,58 €, debendo percibir 9.512,28 €, así como 300 € correspondentes a honorarios do letrado impugnantante (9.812,28 € total a ingresar).

Efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 0000512.

TERCEIRO.- Dispoñer que se proceda a a abonar en concepto de responsabilidade empresarial a contía de 9.917,67 € á Tesourería Xeral da Seguridade Social na conta 2038401693600005419, facendo constar ordenante do ingreso: Concello de Vigo; Código conta cotización: 36/100518490; Traballador causante: Sonia M^a Martínez Alonso; DNI 36126223-P, debendo remitir xustificante do ingreso ao Servizo de Recursos Humanos ao obxecto de xustificación.

CUARTO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L02) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

11(1131).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RECURSO DE SUPPLICACIÓN 4015/2008, CORRESPONDENTE Á DEMANDA 997/2007, DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO, EN MATERIA DE CANTIDADES (PILAR PITA BALTEIRO). EXPTE. 23408/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da técnica de Xestión, de data 29.08.12, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 12.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“**PRIMEIRO.-** Tomar razón das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación 4015/2008 que declara a firmeza da do Xulgado do Social Nº 3 207/2008, no procedemento 997/2007 e proceder ao seu cumprimento, nos autos seguidos a instancia de D^a M^a del Pilar Pita Balteiro (DNI 32608486-Y) de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de marzo de 2007 e 31 de decembro de 2007, por importe de 9.700,18 €, máis 970, 01 € de intereses por mora.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo dos traballadores (620,81 €) e IRPF (1.455,02 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42

0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 61 099707. (8.594,36 €)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 1 de marzo de 2007 a 31 de decembro de 2007.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe da Área de Benestar Social, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

12(1132).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5370/551.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, de data 6.07.12, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 16.07.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 21.234,10 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2012, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027 , polo importe de 21.234,10 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5369-551	V	07 12	02/07/12	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 21.234,10 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

13(1133).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE GODOY MACEIRA S.L., POR NON CAUSAR DANOS Ó PASO DE CAMIÓN NA RÚA MONTERO RIOS, 4. EXPTE. 66899/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 6.000,00 € (Seis mil euros) a favor de Godoy Maceira, S.L.

14(1134).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE COPROIM S.L., POR NON CAUSAR DANOS NA REALIZACIÓN DUNHA IMPERMEABILIZACIÓN NA AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO, 108. EXPTE. 67014/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 314,54 € (trescentos catorce con cincuenta e catro euros) a favor de Coproim, S.L.

15(1135).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., POR NON CAUSAR DANOS NA REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIÓN NA AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO. EXPTE. 66806/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 334,88 € (trescentos trinta e catro con oitenta e oito euros) a favor de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

16(1136).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., POR NON CAUSAR DANOS NA REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIÓN NA RÚA GRAN VIA ESQUINA RAMÓN Y CAJAL. EXPTE. 66803/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 440,94 € (catrocentos corenta con noventa e catro euros) a favor de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

17(1137).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., POR NON CAUSAR DANOS NA REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIÓNS NA AVDA. DE CASTELAO E RÚA PORRIÑO. EXPTE. 66810/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 400,00 € (catrocentos euros) a favor de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

18(1138).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., POR NON CAUSAR DANOS NA REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIÓNS NA ESTRADA CAMPOSANCOS. EXPTE. 66807/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 563,25 € (cincocentos sesenta e tres con vinte-cinco euros) a favor de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

19(1139).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., POR NON CAUSAR DANOS NA REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIÓNS NA ESTRADA DE MOLEDO. EXPTE. 66802/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 725,91 € (setecentos vinte cinco con noventa e un euros) a favor de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

20(1140).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., POR NON CAUSAR DANOS NA REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIÓNS NA ESTRADA DE MOLEDO. EXPTE. 66804/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 3.153,18 € (tres mil cento cincuenta e tres con dezaoto euros) a favor de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

21(1141).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE GODOY MACEIRA S.L., POR NON CAUSAR DANOS Ó INSTALAR DUN MONTACARGAS CUN VALO DE OBRA NA RÚA MONTERIO RIOS, 4. EXPTE. 1133/426.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, de data 17.09.12, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 3.000,00 € (tres mil euros) a favor de Godoy Maceira, S.L.

22(1142).- PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DAS LIQUIDACIÓNS COMPLEMENTARIAS 2008-2011. EXPTE. 6307/407.

Dáse conta das seguintes liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremo, segundo informe da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, do 10.09.2012, conformado pola Xerente de Urbanismo:

Liquidacións de taxas por licenzas de actividades:

1. Vivendas Comunitarias Galicia S.L	345,05 euros
2. Eurogramco S.L	1.294,35 euros
3. María Dafonte Blanco	486,65 euros
4. Laminor Plásticos	391,90 euros
5. Francisco López Gulias	234,95 euros
6. Dalpex Trading S.L	324,35 euros
7. Val Fragoso S.L	162,25 euros
8. Antonio García Pino	305,85 euros
9. Subdelegación Gnal de obras y Patrimonio	359,55 euros
10. Desilon inmobiliaria S.L	104,25 euros

Liquidacións de taxas por licenzas de obras:

1. Vivendas Comunitarias Galiza S.L	2.010,52 euros
2. José Luis Solla Cerdeira	90,00 euros
3. Carmen Rodríguez Álvarez	213,75 euros
4. Lanzamar S.A	1.922,40 euros
5. Residencial Braille	275,75 euros
6. Andrés Iglesias González	779,92 euros
7. María Carmen Álvarez Casal	213,75 euros
8. Npv Lóxística S.L	264,00 euros
9. Residenciales Baiona S.L	205,55 euros

10. Manuel Ucha Figueroa	127,80 euros
11. Obras Inmuebles S.A	3.434,75 euros
12. Calzados Rosaleda	184,29 euros

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

23(1143).- RESOLUCIÓN AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR -CURSO 2012-2013-. EXPTE. 78469/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da técnica de Política de Benestar, de data 17.09.12, conformado polo xefe de Política de Benestar e pola concelleira delegada da área, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 20.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o listado que se achega das axudas municipais escolares de libros e material escolar -curso 2012/2013 - ANEXO I

- No nivel de Educación Infantil 2ª etapa (3, 4 e 5 anos)
- orzamento curso 2012/2013: 40.000 euros
- contía da axuda para este concepto: 70 euros/alumno
- solicitudes recibidas: 1.632 (pais, nais, titores)
- alumnos/as: 1.823
- orzamento adxudicado na 1ª adxudicación parcial: 35.980 €

1.1.concedidas:	514 alumnos
1.2.denegadas:	705 alumnos
1.3.lista de espera:	547 alumnos
1.4.pendientes de resolución:	57 alumnos

2. Aprobar o listado que se achega das axudas municipais de comedor -curso 2011/2012- ANEXO II

- Para os niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Secundaria obrigatoria.
- Orzamento curso 2012/2013: 810.000 €
- Contía da subvención: Ata 41 €/mes/alumno/a
- Solicitudes recibidas: 2.672 (pais, nais, titores)
- Alumnos/as:3.790
- Orzamento adxudicado na 1ª adxudicación parcial: 81.096,00 euros (8

- meses) + 56.767,20 euros(2 meses).
- TOTAL CURSO: 762,302,40 €

- 2.1.concedidas: **2.153 alumnos**
- 2.2.denegadas: **1.058 alumnos**
- 2.3.lista de espera: **442 alumnos**
- 2.4.pendientes de resolución: **137 alumnos**

3. Comprometer o gasto con cargo á partida 2310,481,00,00 das axudas concedidas relacionadas nos anexos, do seguinte xeito:
 - Gasto de 35.980 euros para axudas de libros e material escolar con cargo ao A nº 2012.000.27721 , por importe de 40,000 euros.
 - Gasto de 762,302,40 euros para axudas de comedor, curso 2012/2013 con cargo os seguintes A:

*ejercicio 2012: A nº 2012.000.27722 (243.000 euros) + RC 201200055459

*ejercicio 2013: AFUT nº 2012.000.27723 (417.000) + RCFUT 201200055460

4. Aprobar a publicación da resolución desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, das Unidades Básicas de Acción Social e na páxina web do Concello
5. Aprobar os seguintes anexos:
 - **ANEXO I** – Listado xeral resolución axudas libros e material
 - **ANEXO II** - Listado xeral resolución axudas comedor
 - **ANEXO III** – Listado estatístico de solicitudes por UBAS
 - **ANEXO IV** – Listado estatístico por tipo de centro

24(1144).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA “APR A-5-71 METALURXICA”. EXPTE. 4995/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral e do director dos Servizos Técnicos, de data 17.09.12, conformado pola Xerente de Urbanismo, e co dictame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 21.09.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: De conformidade co informe do enxeñeiro técnico de OOPP da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18.07.2012, aprobar inicialmente o «Proxecto de urbanización da APR AOD A-5-71 METALÚRXICA», promovido pola Xunta de Compensación e redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Julio Roberes de Cominges, con visado colexial de 15.09.2010, coas súas addendas redactadas polo arquitecto Leopoldo Alonso-Lamberti Casuso con datas novembro de 2011 e xuño de 2012, cun orzamento de execución por contrata de 1.075.196,18 € (IVE 21% engadido, actualizado consonte o disposto no art. 23 do Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, BOE n.º 168, de 14.07.2012), cantidade que deberá ser garantida mediante aval bancario antes da aprobación definitiva do proxecto.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no BOP e nun xornal dos de maior circulación na provincia.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo ao interesado e as propietarios dos terreos incluídos no ámbito, e dar conta del aos servizos municipais de Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Tráfico e OSPIO e tamén ás empresas "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Gas Natural Fenosa (Gas Natural SDG, S.A.)", e "Aqualia, S.A.".

CUARTO: Notificar expresamente á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a apertura do trámite de información pública, dándolle traslado de copia das addendas incorporadas ao proxecto de urbanización.»

25(1145).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A ENTIDADE DEPORTIVA F.P.R. EL OLIVO PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA 1ª DIVISIÓN DE FÚTBOL FEMININO NO PERÍODO ENTRE O 1.03 E 30.06 DE 2012. EXPTE. 11385/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 12.07.12, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 19.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva F.P.R. El Olivo para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría 1ª División de Fútbol Feminino

desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 15.000,00 €. a favor da entidade: F.P.R. El Olivo co CIF: G-36704666 con enderezo social na rúa Otero Pedrayo, 5, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5077.93.3040016285. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.13 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE F.P.R. OLIVO VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, don Balbino Moreira Vallez como presidente da entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo CIF nº G-36704666 e enderezo social na rúa Otero Pedrayo Nº 5 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11385-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade F.P.R. El Olivo conta cun equipo de élite que participa na categoría 1ª División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade F.P.R. El Olivo desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.

11. Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
12. A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.13 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 €, a favor da entidade deportiva F.P.R. El Olivo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de élite da entidade F.P.R. El Olivo desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade F.P.R. El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11385-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade F.P.R. El Olivo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade F.P.R. El Olivo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade F.P.R. El Olivo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade F.P.R. El Olivo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade F.P.R. El Olivo unha subvención por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.13 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadruar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o

importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2012.

26(1146).- PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS

SOCIAIS, NÚM. F-00473-C-007, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES. EXPTE. 5441/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, de data 20.09.12, conformado pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-007 por un período máximo de 6 meses de duración a contar desde o día 26 de setembro de 2012 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 5441/224.”

27(1147).- ADXUDICACIÓN A NEW LINK MC KINNEY PASCUAL, S.L. PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AMPLIACIÓN DE 60 PRAZAS DO PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2012. EXPTE. 14110/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, de data 18.09.12, e co informe do Interventor Xeral de data 18.09.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar a New Link Mc Kinney Pascual, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de ampliación de 60 prazas do programa Vigo en Inglés 2012, expediente nº 14110-332.) por un prezo total de 150.000 euros, e a execución das seguintes prestacións adicionais respecto das previstas nos pregos de cláusulas técnicas e administrativas:

Melloras sobre o seguro esixido:

Gastos odontolóxicos urxentes ate 600.-€

Gastos fisioterapia ou quiropráctica ate 200.-€

Regreso anticipado por hospitalización dun familiar por contía ilimitada.

Prolongación estancia por prescripción médica de 75.-€/día ate un límite de 750.-€

Gastos por demora saída da viaxe ate 300.-€

Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

28(1148).- INADMISIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR D. JUAN CARLOS DOVIGO PRIETO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DO EQUIPO DE TRABALLADORES DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 59058/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

29(1149).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,15 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.